

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DO PERSOAL INVESTIGADOR NA ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL DO CAMPUS DE OURENSE (INOUP POSDOU CAMPUS AUGA 2025)

Por Resolución Reitoral do 05 de maio de 2025 publicouse a relación provisional de axudas concedidas na convocatoria de Axudas a proxectos do persoal investigador na etapa de formación posdoutoral do Campus de Ourense (INOUP+POSDOU CAMPUS AUGA 2025). Transcorrido o prazo previsto na dita resolución para presentar alegacións á mesma, esta Reitoría RESOLVE

Aprobar a publicación da listaxe definitiva de axudas concedidas na convocatoria de Axudas a proxectos do persoal investigador na etapa de formación posdoutoral do Campus de Ourense (INOUP+POSDOU CAMPUS AUGA 2025), que se relacionan no Anexo I.

- Número total de solicitudes avaliadas: 6
- Número total de axudas concedidas: 6
- Importe total concedido: 60.000 €
- Aplicación orzamentaria: 2025 AUGA 131H 48499

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS

Nº	IP/IPS DOS PROXECTOS	PROXECTO	IMPORTE
1	Campillo Cora, Claudia	Avaliación da acumulación de Cu en solos de viñado mediante o uso de microorganismos do solo: determinación de tolerancia inducida e análise xenética.	10.000 €
2	Cassani Menéndez, Lucía Victoria	Ingredientes bioactivos obtidos de residuos da agroindustria ourensá e a súa influencia na microbiota intestinal (OUBIOMA).	10.000 €
3	Custodio Mendoza, Jorge Antonio	BEVEGAL – Desenvolvemento de bebidas vexetais con orixe galega a partir de castaña e faba de Lourenzá, con enriquecemento bioactivo e enfoque circular.	10.000 €
4	Fernández Novoa, Diego	Aplicación de técnicas de baixada de escala e intelixencia artificial para optimizar as proxeccións climáticas no sector agrario.	10.000 €
5	López Gómez, Helena	Alimentación e Comensalidade no Mundo Antigo: Prácticas alimentarias e dinámicas sociais.	10.000 €
6	Santas Miguel, Vanesa	Elaboración de biocarbón a partir de residuos de viñado e acacia e a súa aplicación en solos de viñado: impacto nas características fisicoquímicas e microbiolóxicas do solo.	10.000 €